



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBIERNO LOCAL O DIA OITO DE XULLO DO 2016.**

#### **SRES. ASISTENTES:**

##### **Alcaldesa - Presidenta:**

Dña. Rocío López García.

##### **Tenentes de Alcalde:**

D. Manuel Arango Ron.

D. Carlos Rivas Rivas.

Dña. Ma Mercedes Dengra Sixto.

##### **Secretaria -Interventora:**

Dña. Ma. Begoña Glez. Pedregal.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as TRECE HORAS (13,00) do día OITO DE XULLO do 2016, reúñese a Xunta de Goberno Local baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa -Presidenta, assistindo os señores relacionados ao marxe e actuando como fedataria, a Secretaria da Corporación.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, pasouse ao exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose os acordos que se relacionan seguidamente:

#### **1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROcede, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (10/06/2016).**

Preguntados os membros da Corporación pola Alcaldía se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data DEZ DE XUÑO DO 2016 (10/06/2016) , e non habendo nada, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- CORRESPONDENCIA OFICIAL.**

Neste punto da orde do día deuse conta dos escritos que se relacionan a continuación, quedando a Xunta de Goberno Local decatada do contido de todos eles, a saber:

A) Escrito núm. 2173 de 09/06/2016 da Deputación de Lugo, Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, rexistrado o día 15/06/2016 co núm. 865 de entrada, polo que se comunican os tipos de gravame, exencións e bonificacións IBI e IAE - Padrón 2016.

B) Escrito da Federación Española de Municipios e Provincias, de 24/06/2016, rexistrado o día 27/06/2016 co núm. 920, e polo que se remite a Circular 10/2016, sobre coordinación entre Catastro y Rregistro da Propiedade e obligacións das Entidades Locais tras a entrada en vigor da Lei 13/2015, 24 de xuño, de Reforma da Lei Hipotecaria e da Lei do Catastro Inmobiliario.

C) Outro da Xerencia Territorial do Catastro de Lugo, de 04/07/2016, rexistrado de entrada o día 05/07/2016 co núm. 964, polo que se informa da extensión por parte da Administración, da notificación electrónica ós acordos derivados doutros procedementos catastrais.

D) Outro do Concello de Trabada, de data 03/06/2016, con núm. de saída 388 do 04/07/16 e que foi rexistrado de entrada do día 05/07/2016, co núm. 965, e polo que se comunica a resolución sobre adxudicación a empresa HEBE SPORT S.L., con CIF. B-15890809, do servizo de socorrismo nas piscinas municipais de Trabada e Lourenzá, na parte que non cubre a

subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, ó abeiro da Orde de 29 de decembro do 2015 *pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais* es e procede a súa convocatoria para o exercicio 2016.

### **3º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.**

#### **A).- EXPDTE 700/16 DE D. JESUS RIVAS ANDIA PARA CONSTRUCCION DE PASO SALVACUNETA.**

Vista a solicitude presentada por D. JESUS RIVAS ANDIA con DNI. Núm. 33.767.549F con domicilio en Mazúa, 1 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, quen solicita permiso para construcción de paso salvacunetas de 3 metros de largo na parcela 442 do polígono 2 da zona de concentración Parcelaria Lourenzá-Sur na Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da obra solicitada.
  - 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 16/06/16 a saber:
    - Estrita suxección ao solicitado.
    - Normativa aplicable: Solo Rústico de protección agropecuaria.
    - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
    - O nivel final do paso salvacunetas será inferior ao nivel da calzada e a sección do tubo será como mínimo de 40 cms de diámetro.
    - Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 6 meses.
- Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construccións e Obras, segundo a cal deberá abonar seis euros (6,00.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en douscentos euros (200,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

#### **B).- EXPDTE 310/16 DE D. MANUEL FEO MARTINEZ PARA SUBSTITUCION DE CUBERTA DE ALMACÉN.**

Vista a solicitude presentada por D. MANUEL FEO MARTINEZ con DNI. Núm. 76.547.722L con domicilio en Alaxe, 18 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, quen solicita permiso para substitución de cuberta de almacén en Alaxe, 21 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, segundo Memoria Valorada de data 28/02/16 redactada polo arquitecto técnico D. José Martínez Mántaras colexiado núm. 84 do C.O.A.A.T. de Lugo.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 16/06/16 a saber:



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf.: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



- Estrita suxección ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico de protección agropecuaria.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
- Non se alterarán a aliñacións nin os volumes existentes.
- Teranse en conta as condicións especiais e xerais que figuran na Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo e que literalmente se transcriben a continuación:

"1.- Las obras de rehabilitación (retejar cubierta) **no** podrán suponer variación de la configuración de la envolvente exterior, la volumetría o el conjunto del sistema estructural, ni incremento de volumen, ni cambio de uso.

2.- La ejecución de cualesquiera obras (accesos, salvacunetas, ...) instalaciones (canalizaciones subterráneas, conducciones aéreas, ...) o cualquier otra actividad (plantación, tala...) no expresamente comprendidas en la presente autorización, situadas a distancia inferior a la de afección de la vía provincial, según definición del art. 40 de la Ley 8/2013, de 28 de junio, de carreteras de Galicia y que resulte a 32,-m. del borde asfaltado, deberán ser objeto de autorización mediante presentación por el interesado de solicitud en la que conste descripción detallada de las características, dimensiones, materiales de la situación actual y distancia al borde exterior de la calzada, así como de las actuaciones que se pretenden realizar.

3.- Cualquier instalación provisional (andamios, grúas, vallas, señales,...) que pudieran afectar a la zona de dominio público o servidumbre, según definición de los art. 37,38 y 39 de la Ley 8/2013, de Carreteras de Galicia, y que resulte a distancia inferior a 4.- m. del borde asfaltado, deberán ser objeto de solicitud por el interesado indicando los metros de frente de la vía provincial y distancia al borde del firme y eje de la carretera, así como plazo previsto de ocupación de la misma.

4.- La presente autorización se otorgará a reserva de las demás licencias y autorizaciones necesarias, sin perjuicio de terceros y dejando a salvo los derechos preexistentes sobre los terrenos o bienes.

5.- Las actuaciones podrán ser inspeccionadas en todo momento por el personal de la administración titular de la carretera o de la que otorgó la autorización.

6.- Las tasas se devengarán preceptivamente y obligatoriamente en su totalidad antes del inicio de obra, facultad que otorga a esta Diputación el art. 9 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por Autorizaciones de Obras y otros aprovechamientos situados en zonas contiguas a las carreteras provinciales, BOP 258 de 10/11/1995 y el art. 6 de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la tasa por la utilización privativa o aprov. Esp. Bienes dominio público provincial BOP 261 de 13/11/1998) y la Ley Reguladora de las Haciendas Locales. Lo establecido en la Ley 58/2003 de 17 de diciembre General Tributaria en su art. 62. Plazos para el pago, no habilita la presente autorización mientras no se hayan satisfecho las preceptivas tasas.

7.- Deberá comunicar por escrito la fecha de inicio de las obras con una antelación de diez (10) días con el fin de poder llevar a cabo un seguimiento de las mismas por personal adscrito a Vías y Obras. Las obras deberán hallarse terminadas en el plazo de **DOCE (12 MESES)**, contados a partir de la fecha de la notificación."

- As obras solicitadas refírense á substitución do material de cubrición, obra de escasa complexidade técnica e que non supón alteración do volume polo que se entende que se trata dunha obra menor para a que non é necesario Proxecto Técnico e segundo o disposto na Lei 2/2016 para obras menores tampouco é necesaria autorización autonómica.

- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construccións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento corenta e cinco euros con oitenta céntimos (145,80.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en catro mil oitocentos sesenta euros (4.860,00.) A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**C).- EXPDTE 622/16 DE D. JOSE VARELA MINGUILLO PARA  
ADECENTAMENTO DE FACHADA.**

Vista a solicitude presentada por D. JOSE VARELA MINGUILLO con DNI. Núm. 35.380.438K con domicilio en Obispo Villarroel, 6 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, quen solicita permiso para adecentamento de fachada da vivenda sita en Obispo Villarroel, 6 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 09/06/16 a saber:

- Estrita suxección ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Urbano (Residencial Intensiva en mazá con patio- Ordenanza 01B).

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

- Non se considera necesario informe de Cultura áínda cando a obras se encontra dentro do perímetro de protección dado que as obras refírense ao selado de gretas e aplicación de líquido impermeabilizante incoloro, polo que non se altera a fachada.

- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construccións e Obras, segundo a cal deberá abonar dezaseis euros con cincuenta céntimos (16,50.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cincocentos cincuenta euros (550,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**D).- EXPDTE 218/16 DE D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> DIGNA GEADA FERREIRA PARA  
CONSTRUCCION DE SOLEIRA DE FORMIGON E COLOCACION DE  
PASAMANS.**

Vista a solicitude presentada por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> DIGNA GEADA FERREIRA con DNI. Núm. 76.547.791L con domicilio en Castiñeiras Verdes, 19 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, quen solicita permiso para construcción de soleira de formigón no fronte do garaxe e colocación de pasamans en terraza adosada a vivenda en Castiñeiras Verdes, 19, da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 28/06/16 a saber:

- Estrita suxección ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Teranse en conta as determinacións da Resolución da Secretaría Xeral de Cultura daXunta de Galicia de data 14/12/15 pola que se estima parcialmente o recurso de alzada contra a Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- Teranse en conta as condicións que figuran na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas de data 24/02/16, 205A, 2015/176 e 205G 2015/220, expediente 751/15 que se transcriben literalmente:

1.- De acordo co previsto no artigo 41 da Lei de estradas de Galicia, que establece a liña de edificación, dende a cal ata estrada queda prohibido calquera tipo de obras de construcción, reconstrucción ou ampliación, as obras que se autorización, son exclusivamente para substitución de balaustre, sen aumento de volume e sen afectar á estrutura (vigas, pilares, forxado,...).

2.- Non se permitirán os acopios de materiais na zona de dominio público.

3.- Serán de aplicación as condicións xerais que se xuntan.

4.- As obras autorizadas deberán ser executadas no prazo de doce meses, a contar dende a data desta autorización. Transcorrido este prazo, sen que se teña solicitado prórroga, esta autorización non terá validez nin efectos.

Condicións xerais:

"1.A autorización outórgase a reserva das demais licencias e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A Administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando alteren os supostos determinantes do seu outorgamento.

2. Esta autorización entenderase outorgada a precario na parte que afecte á zona de dominio público. As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular deste, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón de danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de

conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

3. Se a obra, instalación ou actividade autorizada implícase a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público das estradas de titularidade autonómica, xerará o dereito ao cobro da taxa regulada na sección V do título II da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 11/12/2003), modificada pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2011), modificada á súa vez pola Lei 2/2013 de 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

4. Se para a execución da obra ou uso desta forse necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente á preceptiva autorización deste Servizo.

5. As obras executaranse conforme ó proxecto presentado para a obtención de autorización, no seu caso, e de acordo coas condicións desta.

6. Non se poderán iniciar as obras sen que o persoal deste Servizo recoñeza a súa conformidade co seu replanteo. Para isto, o interesado deberá comunicar, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para a dita operación. Estenderase unha acta de conformidade ou, no seu caso, deixarase constancia de replanteo implicará o permiso definitivo de iniciación das obras.

7. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal integrado neste Servizo. As obras executaranse cumplindo todas as condicións de garantía e seguridade polas disposicións vixentes e, ademais destas, o peticionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.

8. A Administración competente poderá dispoñer, sen máis trámites, en resolución motivada, a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.

9. As obras efectuaranse sen interromper nin dificultar o tránsito polas estradas e sen ocupar ningún dos seus elementos (calzada, beiravías, gabias...) con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos, salvo nas circunstancias e coas prescricións que expresamente se indiquen nas condicións particulares.

10. Durante a execución das obras adoptaranse as precaucións oportunas par que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calquera outros materiais á plataforma ou gabias da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras ou por calquera outra cousa.

11. Aparte da que poida ser autorizada nas condicións particulares, durante a execución das obras non poderá establecerse ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen expresa autorización escrita deste Servizo.

12. O persoal deste Servizo recoñecerá a terminación das obras. Para estes efectos, o interesado comunicará, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para dita operación. Estenderase unha acta de conformidade ou, no seu caso, faranse constar as obxeccións oportunas, concedéndose o prazo proporcionado para a súa corrección. A acta de conformidade implicará o permiso de uso das obras, actividades ou instalacións.

13. O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou una súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ó seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das obras, restituídos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

14. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisible previa notificación do cambio de titularidade a este Servizo.



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf.: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



No caso de autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, o prazo máximo de autorización será de dez anos. Antes de que transcorra o prazo de autorización adaptada, se é o caso, á normativa vixente nese momento.

15. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuacións ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.

16. O incumprimento de calquera das condicións impostas nesta autorización poderá ser considerada como infracción leve, grave ou moi grave segundo o artigo 61 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e dará lugar á tramitación do expediente sancionador que proceda."

- Prazo de execución: Inicio: 3 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construccións e Obras, segundo a cal deberá abonar sesenta e dous euros con corenta céntimos (62,40.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dous mil oitenta euros (2.080,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

### **E).- EXPDTE 389/16 DE D. JOSE MENDEZ BRAÑA PARA REHABILITACION DE CUBERTA DE PALLEIRA.**

Vista a solicitude presentada por D. JOSÉ MÉNDEZ BRAÑA con DNI. Núm. 33.691.958V con domicilio en Oural, 16 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, quen solicita permiso para rehabilitación de cuberta de palleira en Oural, 16 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, segundo Memoria Valorada de data maio de 2016, redactada polo arquitecto D. Álvaro J. López Aenlle, colexiado nº 1605 do C.O.A.G.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 07/07/16 a saber:

- Estricta suxección ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as aliñacións nin os volumes existentes.

- Na documentación presentada indicase que se substitúe o entaboadío e a lousa polo que a Memoria valorada asinada por técnico considerase documentación suficiente.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 2 anos.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría - Intervención do imposto de Construccións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento noventa e sete euros con cincuenta e tres céntimos (197,53.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en seis mil cincocentos oitenta e catro euros con cincuenta e nove céntimos (6.584,59.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**G).- EXPDTE 761/16 DE PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA DE  
D. FRANCISCO IGLESIAS VARELA PARA DEMOLICION DE  
EDIFICACION.-**

Vista solicitude de data 30/05/16 de D. FRANCISCO IGLESIAS VARELA, con D.N.I. nº 76.529.838Y, con domicilio en as Pedreiras, 12, da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que insta prórroga da licenza de obra concedida pola Xunta de Goberno Local con data 14 de decembro do 2015 para demolición de edificación en Guxide, 2, San Adriano, e cun prazo de execución de 6 meses, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, ACORDA:

Conceder a D. Francisco Iglesias Varela, prórroga da licenza de obra concedida para demolición de edificación en Guxide, 2, San Adriano, por un prazo de 6 meses a partir da caducidade da licenza, xuño de 2016, e coas mesmas condicións que a licenza concedida o día 14 de decembro do 2016.

**4º.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME E CERTIFICACIÓN  
EMITIDOS POLA ARQUITECTA DA OFICINA DE REHABILITACIÓN  
INTEGRAL (ARI), REFERENTE ÁS ACTUACIÓNS DA ÁREA DE  
REHABILITACIÓN DO CASCO ANTIGO E ZONA DE RESPECTO- 7ª  
FASE DE ACTUACIÓN, EXERCICIO 2016, A INCLUIR NO PLAN  
ESTATAL DE FOMENTO DE ALQUILER DE VIVENDAS,  
REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E REXENERACIÓN E RENOVACIÓN  
URBANAS 2013-2016, E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**

Visto o informe emitido pola arquitecta municipal da oficina de rehabilitación integral (ARI), Dña. Marta Sánchez Seivane, de data 04/07/2016 así como a certificación das actuacións na Área de Rehabilitación do casco antigo de Lourenzá e zona de respecto a incluír na séptima fase de actuacións, exercicio 2016, ó abeiro do acordo da Comisión Bilateral de 27/10/2015, en relación co Plan Estatal De Fomento De Alquiler De Vivendas, Rehabilitación Edificatoria e Rexeneración e Renovación Urbanas 2013-2016.

Visto o informe de Secretaría - Intervención de data 07/07/2016 en relación co informe emitido pola Arquitecta da Oficina de Rehabilitación.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar, de conformidade con dito informe, a relación das actuacións na Área de Rehabilitación do casco antigo e zona de respecto, segundo o acordo da Comisión Bilateral de 27/10/2015-7ª Fase, de conformidade co cadro facilitado pola arquitecta sendo o seu resumo o seguinte:

Obras de Rehabilitación:

PROMOTOR/ SOLICITANTE	NIF	ENDERECO	TIPO ACTUA CION	NÚM. VVDA./M2 ÚTILES	ORZAMENTO	PRAZO EXECU CIÓN	SUBVE. PREVISTA M.VVIDA Y ANUALIDAD 2016
SUÁREZ 1934,S.L.	B85458651	Av.Calvo Sotelo,15	1a	1/307	70.322,49	3	11.000,00



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf.: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



MARCOS FANEGO	OTERO	33536378D	Muiño do Frade,4	1a	1/121	6.066,75	1	2.123,36
JOSE C.CABALEIRO		33792547G	As Plazas,10	1a	1/447	29.811,52	2	10.434,03
JOSE LOPEZ FDEZ.		33845421F	Av.Montero Villegas,5	1a	1/224	9.069,13	2	3.174,20
PILAR MEL GARCÍA		76559000G	Ponte da Pedra,15-1º	1a	1/334	18.313,12	1	6.409,59
MªANTONIA DOCAMPO AMIEIRO		33805367J	Carretera Masma,4-1º	1a	1/491	18.951,62	1	6.633,07
MªVICENTA LONGARELA LOBERA		33767635R	Ponte da Pedra,20	1a	1/106	5.634,02	2	1.971,91
TOTAL								41.746,16

Segundo.- Achegar certificación do presente acordo a Area Provincial do Instituto Galego de Vivenda e Solo, solicitando a cualificación provisional das solicitudes ao abeiro do programa de Areas de Rehabilitación Integral.

Terceiro.- Facultar a Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

### **5º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.**

#### **A) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA CORRECCIÓN DE ERRO NOS LINDES NO EXPEDIENTE DE ALLEAMENTO DO ESPAZO PÚBLICO MUNICIPAL DE 56 M2 SITO E PUMARDEDÓN, PARROQUIA DE SANTA MARÍA (LOURENZÁ).**

Pola Alcaldía indicouse que produciuse un erro acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado vinte e tres de maio do 2016 no expediente de alleamento de espazo público municipal de 56 m2 sito en Pumardedón, parroquia de Santa María, no sentido de que cambiaran os lindes, Leste e Oeste, e aparecían ó reves. Así a modificación que teríase que facer era a seguinte:

Onde dí: “ao Leste, con pista de concentración e bodega de Dª. Nery Sandra González Díaz; e ao Oeste, coa finca 1519, propiedade de D. José Boo García, bodega de Nery Sandra González Díaz e a finca 1520 de Dª. Encarnación Sáez Beltrán, hoxe Nery Sandra González Díaz” .

Deberá dicir: ao Leste, coa finca 1519, propiedade de D. José Boo García, e ao Oeste, con pista de concentración e bodega de Dª. Nery Sandra González Díaz;

A Xunta de Goberno Local, aprobou por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, a proposta da alcaldía para facer dita corrección, quedando o acordo redactado da seguinte forma:

Visto que o Concello de Lourenzá é propietario dunha área de espazo público cunha superficie aproximada de 56 m2, sito no lugar de Pumardedón, na parroquia de Santa María, deste termo municipal de Lourenzá, no Polígono 6 da Zona de Concentración de Lourenzá Norte, e que linda polo Norte, coa finca 1519 propiedade de D. José Boo García, bodega de Nery Sandra González Díaz y edificación de D. José Boó García; ao Sur, coa finca núm.1520 de Dª. Encarnación Sáez Beltrán, hoxe, Nery Sandra González Díaz, e casa de Dª. Nery Sandra González Díaz; ao Leste, con pista de concentración e bodega de Dª. Nery Sandra González Díaz; ao Leste, coa finca 1519, propiedade de D. José Boo García, e ao Oeste, con pista de concentración e bodega de Dª. Nery Sandra González Díaz.

Visto que con data 18/11/2015, mediante escrito rexistrado de entrada co núm.1596, Dª. Nery Sandra González Díaz, con NIF. Núm.07535174-Y, veciña de Madrid, con domicilio na Rúa Juan Ramón Jiménez núm.16-1ºC, e con domicilio, a efectos de notificacións, en Rúa Avelino Montero Villegas núm.5 (Lourenzá), solicita que dito espazo sexa desafectado por estar interesada na súa compra xa que dito terreo soamente se utiliza para o acceso as súas edificacións ( bodega e vivenda).

Visto que por acordo plenario de 17/03/2016 aprobouse a proposta da Alcaldía sobre a conveniencia de proceder á desafectación do uso público e a súa cualificación como ben patrimonial de dita porción de terreo considerado como de uso público e para isto procedeuse a inicia-lo expediente de desafectación do mesmo para a súa posterior venda á propietaria colindante e así dar solución a unha situación anómala que viña dende a Concentración Parcelaria,

Visto que por dito acordo plenario de data 17/03/2016 procedeuse á desafectación de dito espazo publico cunha dimensión de Cincuenta e seis metros cadrados (56 m<sup>2</sup>), sito en el lugar de Pumardedón, parroquia de Santa María (Lourenzá) e coa seguinte descripción: : "espazo público cunha superficie aproximada de 56 m<sup>2</sup>, sito no lugar de Pumardedón, na parroquia de Santa María, deste término municipal de Lourenzá, no Polígono 6 da Zona de Concentración de Lourenzá Norte, e que linda polo Norte, coa finca 1519 propiedade de D. José Boo García, bodega de Nery Sandra González Díaz e edificación de D. José Boo García; ao Sur, coa finca núm.1520 de Da. Encarnación Sáez Beltrán, hoxe Nery Sandra González Díaz, e casa de Da. Nery Sandra González Díaz; ao Leste, coa finca 1519, propiedade de D. José Boo García, e ao Oeste, con pista de concentración e bodega de Da. Nery Sandra González Díaz.

Visto que o expediente de desafectación quedou finalizado, unha vez cumprida a tramitación regulamentaria de exposición ó público, mediante anuncio no BOP. núm. 075 de data 02/04/2016 sen que se tiveran presentado reclamacións o mesmo, quedando polo tanto cualificado definitivamente como Ben Patrimonial.

Visto o informe do arquitecto técnico municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez, de data 03/05/2016 quen informa que ó seu xuízo a valoración do terreo ascende a 8 Euros/ m<sup>2</sup>, e que polo tanto o prezo de venda, sendo 56 m<sup>2</sup>, ascendería á cantidade de CATROCENTOS CORENTA E OITO (448,00.-) EUROS.

Visto que con data 18/05/2016 emitiese informe de Secretaría - Intervención sobre a porcentaxe que supón o alleamento de dito terreo en relación cos recursos ordinarios do presuposto vixente así como sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para enaxenar é esta Xunta de Goberno Local porque o importe da venda ascende a 448,00 EUROS e polo tanto non supera o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto deste Concello nin a contía de tres millóns de euros.

Visto que, con data 19/05/2016, mediante escrito rexistrado de entrada o día 19/05/2016,con número 695, a propietaria colindante á finca, obxecto deste expediente, formulou contestación en sentido favorable sobre



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



a valoración do terreo para o alleamento que efectuará o Concello, quedando constancia no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión y que constitúen o seu número legal, ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar o alleamento a favor de Dª. Nery Sandra González Díaz con NIF. Núm.07535174-Y, veciña de Madrid, con domicilio na Rúa Juan Ramón Jiménez núm.16-1ºC, e con domicilio, a efectos de notificacións, en Rúa Avelino Montero Villegas núm.5 (Lourenzá), do espazo público de 56 m<sup>2</sup>, sito no lugar de Pumardedón, parroquia de Santa María (Lourenzá) e cualificado como ben inmóvel patrimonial, no prezo de CATROCENTOS CORENTA E OITO EUROS (448,00.-) sendo a súa descripción a que segue: "espazo público cunha superficie aproximada de 56 m<sup>2</sup>, sito no lugar de Pumardedón, na parroquia de Santa María, deste término municipal de Lourenzá, no Polígono 6 da Zona de Concentración de Lourenzá Norte, e que linda polo Norte, coa finca 1519 propiedade de D. José Boo García, bodega de Nery Sandra González Díaz e edificación de D. José Boo García; ao Sur, coa finca núm.1520 de Dª. Encarnación Sáez Beltrán, hoxe Nery Sandra González Díaz, e casa de Dª. Nery Sandra González Díaz; ao Leste, coa finca 1519, propiedade de D. José Boo García, e ao Oeste, con pista de concentración e bodega de Dª. Nery Sandra González Díaz;

Segundo.- Notificar o presente acordo a Dª.Nery Sandra González Díaz, e citala para a sinatura de contrato mediante escritura pública ante Notario, correndo os gastos da mesma a cargo da compradora.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García, para que proceda ó outorgamento do correspondente contrato de compravenda e a súa elevación a Escritura Pública e a xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Cuarto.- Dar conta ó Órgano Competente da Comunidade Autónoma por non exceder o seu valor do 25% dos recursos ordinarios do presupuesto da Corporación, da enaxenación do ben inmóvel que se pretende."

### **B)EXAME E APROBACIÓN, SE PROcede, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE Dª ANA MARIA TERRÓN GONZÁLEZ ADXUDICATARIA DA XESTION DO XIMNASIO MULTIUSOS MUNICIPAL DE LOURENZÁ E O CONCELLO DE LOURENZÁ PARA USO DE INFRAESTRUCTURAS DEPENDENTES DO CONCELLO NA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES LUDICO, DEPORTIVAS E RECREATIVAS DENOMINADAS : "NOITES ALTERNATIVAS" DIRIXIDAS Á POBOACIÓN XUVENIL DE LOURENZÁ A DESENROLAR NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 12 DE XULLO DE 2016 Ó 31 DE AGOSTO DE 2016 A REALIZAR A TRAVÉS DO XIMNASIO MULTIUSOS MUNICIPAL DE LOURENZÁ**

A continuación pola Alcaldía informouse que, ante a demanda da poboación xuvenil de 13 a 16 anos de idade para que se volvesen a desenvolver as actividades lúdico, deportivas e recreativas denominadas "Noites Alternativas", que se organizaron con moito éxito o ano pasado, puxérase en contacto con Dª. Ana María Terrón González, adxudicataria do Ximnasio Multiusos Municipal e con quen asinárase un Convenio para as escolas infantís de verán deste ano, para estudar a posibilidade de volver a

organizadas este ano, xa que o concello non dispoñía de persoal propio para facelo. Indicou que tras varias reunións decidiron asinar un novo Convenio de Colaboración para a realización de este tipo de actividades e era o que traíase á sesión para a súa aprobación.

Así Xunta de Goberno Local, visto o texto de dito Convenio de Colaboración, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio a subscribir con D<sup>a</sup>. Ana María Terrón González, adxudicataria da xestión do Ximnasio Multiusos Municipal para a realización de actividades lúdico, deportivas y recreativas denominadas "Noites Alternativas", dirixidas á poboación xuvenil deste Concello comprendida entre os 13 e 16 anos, e que se desenvolverán no período comprendido entre o 12 de xullo e o 31 de agosto do presente exercicio sendo o texto do Convenio o que se transcribe a continuación:

*Dunha parte, D<sup>a</sup> Ana María Terrón González con NIF 33.302.673F , adxudicataria da xestión do Ximnasio Multiusos Municipal de Lourenzá , sito no Campo da Gracia s/n , e doutra D<sup>a</sup> Rocío López García , con DNI núm. 76580879X, Alcaldesa -Presidenta, en nome do Concello de Lourenzá como entidade colaboradora*

*Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade para obrigarse na representación que posúen e, polo tanto , para o outorgamento do presente convenio de colaboración e MANIFESTAN:*

*Que o Concello de Lourenzá considera de interese público e social desenrolar nos meses de verán actividades de tempo libre destinada á poboación xuvenil, época na que os destinatarios están en período non lectivo; e os propios xóvenes de idades comprendidas entre os 13 e 16 anos demandan estas actividades tralo éxito acadado o ano pasado, ó tempo que se contribúe ó proceso da educación integral dos participantes, pero o Concello de Lourenzá carece de persoal para poder desenrolalas ,*

*Por outra banda D<sup>a</sup> Ana María Terrón González con NIF 33.302.673F , , está interesada en levar a cabo no Concello de Lourenzá a través do Ximnasio Multiusos Municipal de Lourenzá dous programas de actividades lúdico, deportivas, medioambientais , recreativas denominados: " noites alternativas " dirixido a xoves de 13 a 16 anos de idade ; pero carece de locais axeitados para o seu desenvolvemento*

*Visto o exposto , ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración , consonte as seguintes CLÁUSULAS:*

PRIMEIRA. - É obxecto deste convenio a realización por parte de Ana María Terrón González con NIF 33.302.673F , a través do Ximnasio Multiusos Municipal de Lourenzá do programa denominado " noites alternativas " " dirixido a xoves de 13 a 16 anos de idade do Concello de Lourenzá , no período comprendido entre o 12 de xullo de 2016 ó 31 de agosto de 2016 ; actividades que se desenvolverán tres días á semana : martes , mércores e xoves de 22.00 h a 00.15 h.) ; sendo preciso empregar as dependencias da Casa da Xuventude e o Pavillón Polideportivo Municipais, ; ambas dependencias sitos na Avda de Soutelo,

SEGUNDA.- O Concello de Lourenzá colabora con D<sup>a</sup> Ana María Terrón González, con NIF 33.302.673F, adxudicataria da xestión do Ximnasio Multiusos Municipal de Lourenzá, a través do que se organizan as actividades reseñadas na cláusula primeira ; poñendo a disposición de maneira gratuita para o desenvolvemento dos programas mencionados, as dúas salas multiusos sitas na Casa da Xuventude, a pista do Pavillón Polideportivo e o Salón no período comprendido entre o 12 de xullo de 2016 ó 31 de agosto de 2016 , ambos incluídos, nos días e horarios



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf.: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



*indicados na cláusula primeira; por resultar estas instalacións aptas para ser empregadas para a realización das actividades mencionadas, tal e como se indica no informe emitido polo Arquitecto Técnico do Concello de Lourenzá con data 5 de xullo de 2016.*

*Este uso non exclúe ó Concello para realizar actividades puntuais ou regulares en ditas instalación , previo aviso nun prazo de 48 h. mínimo.*

*Así mesmo o Concello de Lourenzá faise cargo dos gastos ordinarios derivados do funcionamento deses locais ( luz, limpeza ), durante o período correspondente ás actividades reguladas no presente convenio.*

*Debendo figurar en toda a publicidade que se xere das actividades sinaladas a colaboración do Concello de Lourenzá*

**TERCEIRA.-** *Dª Ana María Terrón González con NIF 33.302.673F, adxudicataria da xestión do Ximnasio Municipal de Lourenzá, a través do que se organizan as actividades mencionadas na cláusula primeira, contará cun seguro de accidentes e un seguro de responsabilidade civil co fin de garantir calquera eventualidade que pudera producirse durante a estancia dos participantes nas mencionadas instalacións, dos que deberá achegar copia; eximindo ó Concello de Lourenzá de toda responsabilidade en relación a calquera tipo de evento tráxico ou ilegal que poda ter lugar dentro das actividades previstas, asumindo toda a responsabilidade. Así mesmo a organizadora será responsable , en todo caso, dos desperfectos , deterioros e roubos que, no seu caso, se produzan no mobiliario ou locais empregados, asumindo o custo económico dos mesmos e das reparacións ou reposicións do material orixinal.*

*O Concello de Lourenzá no terá responsabilidade pola desaparición de calquera elemento de titularidade dos usuarios que depositado nas instalacións pudera ser obxecto de substracción.De forma expresa o Concello non asume ningunha obriga de vixilancia ou custodia específica das instalación, nin lle será imputable responsabilidade algúns que poida derivarse da mesma.*

**CUARTA.-** *Faise constar expresamente que o instrutor ou calquera outra persoa que imparta as actividades , non terá nin poderá adquirir en ningún caso vinculación xurídica co Concello de Lourenzá , que quedará libre de calquera responsabilidade derivada de posibles relacóns sometidas ó dereito laboral. A responsabilidade civil derivada destas actividades recaerá sobre Dª Ana María Terrón González, adxudicataria da xestión do Ximnasio Multiusos Municipal de Lourenzá , a través do que se organizan as actividades mencionadas na cláusula primeira,debendo dispor dos correspondentes permisos e seguro para o desenvolvemento das actividades , do que deberá achegar copia ; e comprométese á apertura e peche dos locais cedidos polo Concello de Lourenzá para a realización das actividades mencionadas na cláusula primeira nos horarios establecidos ( se así o estipula do Concello ), e manter os locais en perfecto estado de uso.*

**QUINTA.-** *Dª Ana María Terrón González, adxudicataria da xestión do Ximnasio Multiusos Municipal de Lourenzá , a través do que se organizan as actividades sinaladas na cláusula primeira cumplirá os requisitos estipulados no DECRETO 58/2012, de 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000,de 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello , de 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos do mercado interior*

**SEXTA.-** *Ana Mª Terrón González , adxudicataria da xestión do Ximnasio Multiusos Municipal de Lourenzá , a través do que se organizan as actividades sinaladas na cláusula primeira obrígase a ter ó día e baixo a súa responsabilidade cantas licencias e autorizacións de organismos competentes e materia de sanidade, traballo, facenda , xuventude ou calquera outro que se precise, no seu caso, para o desenrolo da actividade por eles pretendida.*

SÉPTIMA.- Corresponde ó Concello de Lourenzá a facultade de interpretar este convenio , así como de acordar a súa rescisión en caso de incumprimento por parte de Dª Ana María Terrón González, adxudicataria da xestión do Ximnasio Multiusos Municipal de Lourenzá, a través do que se organizan as actividades descritas na cláusula primeira de calquera das obrigas contidas no mesmo.

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, Dª. Rocío López García para a sinatura do Convenio.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo a Dª. Ana Terrón González para o seu coñecemento e efectos pertinentes.

**C.- ESCRITO DA EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL RELATIVO A INCLUSION DE OBRA NO PLAN DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS PARA 2016.-**

Visto o escrito enviado pola Excma. Deputación Provincial con núm. de rexistro de saída 6134 de data 27 de xuño de 2016, polo que se comunica que ao obxecto de iniciar a elaboración do Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para 2016, pola Corporación deberase propoñer os investimentos que puidesen incluírse no citado Plan.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Propoñer á Exma. Deputación Provincial como obra a incluír no Plan de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Estradas para 2016, a obra denominada:

CÓDIGO 51021.- "MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS SANTO ADRAO, RIOS, CASTIÑEIRAS VERDES O CAL E A TILLEIRA NO CONCELLO DE LOURENZA ", cun orzamento de cincuenta e sete mil sesenta e tres euros (57.063,00), correspondéndolle á Deputación Provincial unha achega de corenta e cinco mil seiscientos cincuenta euros con corenta céntimos (45.650,40) e ao Concello a cantidade de once mil catrocentos doce euros con sesenta céntimos (11.412,60).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Exma. Deputación Provincial, para o seu coñecemento e efectos pertinentes.

Terceiro.- Facultar a Sra. Alcaldesa Presidenta, Dª Rocío López García, para cantes actos, trámites ou xestións sexan precisas para o bo fin dos acordos adoptados.

**D) EXPEDIENTE DE OBRAS INCLUIDAS NA ORDE DO 23 DE DECEMBRO DE 2015, PUBLICADA NO D.O.G.A. NÚM. 247 DE 29/12/15 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E CONVÓCANSE SUBVENCIÓNS PARA A CREACION E/OU MELLORA DE INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓN, INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACION DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADOS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2016 DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO AGRICOLA DE DESENVOLVIMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVIMENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020 E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.**



## Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552  
Fax: 982 121 506  
CIF: P2702700B  
REL: 01270272



Visto o expediente tramitado para as "Obras de Mellora no Pavillón Polideportivo Municipal".

Visto que con data 04/05/16 recibiuense escrito da Dirección Xeral de Administración Local no que se comunicaba a resolución de concesión de subvención ao amparo da Orde do 23 de decembro de 2015, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 247 de 29/12/2015 pola que se establecen as bases reguladoras e convócanse subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a Concellos de Galicia de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvimientu Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvimientu rural de Galicia 2014-2020, por importe de trinta e un mil sete euros con vinte e dous céntimos (31.007,22.-).

Visto que se solicitaron ofertas a cinco empresas: Construcciones Augacons S.l., Josbi C.B., Oseira Muíño S.L., Construcciones Hilario Piñeiro S.L., e Construcción y Rehabilitación de vivendas Carmen 2005, S.L..

Visto que solo se presentou unha oferta pola empresa Construcciones Augacons S.L., que se compromete á execución da obra por importe de trinta e oito mil setecentos cincuenta e nove euros con dous céntimos (38.759,02) e oito mil cento trinta e nove euros con trinta e nove céntimos (8.139,39) correspondente ao I.V.A,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria, por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión que constitúe o seu número legal, ACORDA:

**PRIMEIRO.**- Levar a cabo as obras relativas a "Obras de Mellora no Pavillón Polideportivo Municipal" mediante o procedemento de contrato menor, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de 23/05/16 e de conformidade co disposto no artigo 138.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, adxudicándolla á empresa Construcciones Augacons S.L., con N.I.F. B27243443, por importe trinta e oito mil setecentos cincuenta e nove euros con dous céntimos (38.759,02) e oito mil cento trinta e nove euros con trinta e nove céntimos (8.139,39) correspondente ao I.V.A,

**SEGUNDO.**- Aprobar de conformidade co artigo 111 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á partida 340.622 do vixente orzamento para o exercicio de 2016.

**TERCEIRO.**- Unha vez realizada a obra, incorporarase a factura e procederase a tramitar o pago, non procedendo nos contratos menores a revisión de prezos, segundo o disposto no artigo 89 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro e en ningún caso esixirse formalización do contrato (artigo 156.2 da citada Lei).

**CUARTO.**- Notificar á empresa adxudicataria para que no prazo máximo de cinco días hábiles, presente a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real

Decreto Lexislativo 3/2011, así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispoñer efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato (artigo 64.2 do Texto Refundido) así como de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente e que supoñerá o 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto do valor engadido, ascendendo por iso a mil novecentos trinta e sete euros con noventa e cinco céntimos (1.937,95).para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**E).- DACIÓN DE CONTA DA APERTURA DE OFERTAS PRESENTADAS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA E MANTENIMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIONES AGRARIAS NO CONCELLO DE LOURENZÁ" (PLAN MARCO 2014/2020/ Expediente PM16-0304302A-0129) E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.**

